



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Teoría do Dereito		Código	612G01006
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Privado			
Coordinación	Serna Bermudez, Pedro	Correo electrónico	pedro.serna@udc.es	
Profesorado	J. Crego Blanco, Jorge P. Rivas Pala, Pedro P. Serna Bermudez, Pedro O. Vergara Lacalle, Oscar	Correo electrónico	jorge.crego@udc.es pedro.rivas@udc.es pedro.serna@udc.es oscar.vergara@udc.es	
Web				



Descripción xeral	<p>Esta asignatura ten por obxecto proporcionar aos estudiantes unha visión global do mundo do Dereito, tanto no que respecta a certos contidos xerais como no que se refire a habilidades e competencias propias do xurista.</p> <p>Normalmente non falaremos de ?avogado? senón de ?xurista?, porque este último termo designa ao profesional do Dereito, mentres que o primeiro só fai mención dunha das posibles profesións relacionadas co Dereito, non precisamente á máis característica, aínda que a máis coñecida e, desde logo, a máis estendida.</p> <p>Os contidos xerais son prioritarios neste curso, mentres que as habilidades ou competencias haberán de ir sendo adquiridas polos estudiantes de Dereito ao longo de toda a carreira e, despois, na formación de posgrao e no exercicio profesional.</p> <p>Desde o punto de vista dos coñecementos ou contidos, preténdese en primeiro lugar que o estudiante adquira un coñecemento detallado dos conceptos básicos do Dereito, así como dos elementos estruturais da orde xurídica. En segundo lugar, preténdese que o estudiante adquira unha visión global do Dereito como práctica social, dos elementos que integran a devandita práctica e dos seus caracteres más sobresalientes. Dito doutro xeito, polo que respecta aos contidos, neste curso tentarase responder a 2 cuestiós fundamentais: a) De que pezas ou elementos se compón o Dereito. b) Como se estrutura a vida xurídica, que procesos dinámicos teñen lugar normalmente dentro dela, como se desenvolven eses procesos e que conceptos permiten comprehendelos adecuadamente.</p> <p>Nesta materia abórdanse nocións usadas ou presupostas en praticamente todas as ramas do Dereito e da Ciencia xurídica.</p> <p>Coa excepción das fontes do Dereito, neste curso non se analizarán aspectos concretos do Dereito español, senón aquelas nocións, estruturas e procesos que son xeralmente compartidos por todos ou a maioría dos sectores ou ramas do Dereito, mesmo por ordes ou sistemas xurídicos que pertencen a otros países e/ou a outras épocas.</p> <p>Polo que se refíre ás habilidades ou competencias que se buscan desenvolver neste curso, cómpre subliñar que o Dereito forma parte da vida social, pero a Ciencia do Dereito non é exactamente unha ciencia social, porque o xurista se enfrónta ás cuestiós e problemas sociais singulares e concretos, non xerais, como sería o caso do político, o economista ou o sociólogo. Ademais, e, sobre todo, o instrumento principal do xurista son os textos: o seu contacto coa realidade social está mediado polo manexo de textos escritos de diversa natureza: lexislativos, xurisprudenciais e doutrinais ou "científicos". Mais aínda, os feitos que constitúen un caso práctico xurídico non só han de ser analizados e avaliados á luz dos textos que se acaban de mencionar, senón que eles mesmos han de ser relatados de forma ordeada (adoptando así a forma de texto ou de narración) para poder ser abordados e resoltos. Por iso, desde o punto de vista das habilidades ou competencias, o obxecto do curso tradúcese na iniciación e avance dos estudiantes nas seguintes competencias específicas, que haberán de desenvolver ao longo de toda a carreira: a) Lectura e comprensión de textos xurídicos (doctrinais, legais e xurisprudenciais). b) Capacidade de análise crítica do Dereito establecido. c) Capacidade de expresión oral e escrita. d) Capacidade de argumentación xurídica e familiarización co modo de razoar propio dos xuristas. Ademais, é razoable pensar que o traballo desta materia fortalecerá o desenvolvemento doutras habilidades ou competencias más xenéricas, pero non menos importantes: a) Capacidade de análise e síntese. b) Capacidade de resolución de problemas. c) Habilidade para a xestión da información. d) Habilidade para traballar de forma autónoma e en equipo, e para tomar decisiones organizativas en relación con iso. En orde a desenvolver as anteriores competencias, o curso foi deseñado para que os estudiantes traballen nel todos os días ou, polo menos, todas as semanas, con diferente intensidade e dedicación segundo os temas. O traballo persoal constante dos estudiantes e, en menor medida, o traballo en equipo, resultan decisivos para superar con éxito o curso. Finalmente, este curso tamén se propón, aínda que de modo indirecto, suscitar certas actitudes nos estudiantes, tanto de tipo intelectual como de índole ética: a) O sentido da xustiza, en conexión coa idea de que o Dereito existe para o logro de certos fins. b) O espírito crítico. c) O sentido do rigor conceptual e de razoamento.</p>
-------------------	---



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se realizarán cambios. Só serán obxecto de avaliación aqueles contidos que efectivamente se desenvolvan nas clases expositivas ou nas sesións de grupos reducidos.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Mantéñense todas as metodoloxías previstas. Só variará a contorna de realización, pasando da contorna presencial á contorna online</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>As sesións maxistrais e os seminarios levaranse a cabo en liña a través de Teams.</p> <p>Engadirase unha proba de ensaio que permitirá reducir o valor da proba final oral e avaliar a través dela a adquisición dalgúns dos resultados de aprendizaxe e das competencias da materia.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>a) Campus virtual. Empregarase para poñer ao dispor dos estudiantes as presentacións (enriquecidas) dos contidos de cada tema. Isto farase desde o comezo das clases da materia.</p> <p>Tamén se usará para a comunicación xeral cos estudiantes. Presumirse que todos os estudiantes coñecen o publicado polos profesores no Campus virtual.</p> <p>Así mesmo, subiranse semanalmente as ligazóns ás gravacións das clases expositivas online.</p> <p>Finalmente, empregarase para a realización e entrega da proba escrita.</p> <p>b) Teams. Empregarase cada semana para as clases de docencia expositiva (2 horas por cada quenda, excepto as semanas en que están programadas más clases). Estas sesións de clase gravaranse e incluirase unha ligazón ás mesmas no Campus virtual para que os estudiantes poidan velas se non puideron conectar, ou volver velas se hai algo que desexen clarificar.</p> <p>Tamén se emplegará para as sesións de grupos reducidos (1 hora semanal por cada grupo reducido). Estas sesións non se gravarán, en principio.</p> <p>Tamén se poderán emplegar para sesións de tutorías individuais e grupais con estudiantes (o necesario, segundo demanda, ata un máximo de 6 horas semanais).</p> <p>Por último, empregaránse para os exames orais, que serán gravados, así como as súas respectivas revisións.</p> <p>c) Correo electrónico. Empregarase para a resolución de dúbidas e a tutoría individual con estudiantes e para a comunicación cos delegados. Procurarase responder o máis pronto posible, en todo caso dentro do prazo máximo dunha semana.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>O exame oral pasará a ter un peso do 50% na cualificación final. Consistirá nun exame oral a través de Teams, que será gravado. Formularanse 3 ou 4 preguntas, elixidas por sorteo dunha lista que se publicará coa suficiente antelación para facilitar a preparación da proba.</p> <p>Introducirase unha proba de ensaio escrita, que valerá o 20% da nota final. Nela, haberá que responder a un conxunto de preguntas relacionadas cunha parte dos contidos da materia, que indicará o profesor, nas que se deberán aplicar parte dos contidos aprendidos no curso.</p> <p>Os seminarios non verán modificado nin o seu peso na cualificación final (30%) nin os criterios para a súa avaliación</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Os estudiantes que teñan dificultades para facer a súa presentación nos seminarios conectándose a través de Teams</p>
----------------------	---



poderán, previa comunicación ao profesor responsable do seu grupo reducido, seguir o sistema previsto na guía docente para os estudiantes con dispensa de asistencia a clases. Se xa houberen participado asiduamente ao longo do curso e a dificultade para fazer a súa intervención en forma de pregunta ou comentario fose puntual, poderán facela a través do chat de Teams ou enviala por correo electrónico ao profesor.

Quen non logre aprobar a parte dos seminarios na primeira oportunidade, deberá presentarse en xullo realizando as tarefas previstas na guía docente para os estudiantes con dispensa de asistencia a clases.

Os estudiantes do Programa de simultaneidade do Grao en ADE e Grao en Dereito cursarán a materia no segundo cuatrimestre. Quen deba presentarse á oportunidade de xullo, se tiver pendente a parte dos seminarios, deberá realizar as tarefas previstas para os estudiantes con dispensa de asistencia a clases. Se tiver pendente a parte teórica, deberá realizar as actividades de avaliación na forma prevista para as mesmas que estea vixente cando se haxan de celebrar (de forma presencial ou en liña).

5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía

Non haberá modificacións destacables. Pode estudarse a materia completa coas presentacións en PowerPoint que deixarán os profesores en Moodle, pero ditas presentacións non son suficientes por si soas: é preciso completalas cos apuntamentos que se tomen nas clases expositivas.



Competencias / Resultados do título		
Código	Competencias / Resultados do título	
Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título
Percepción do carácter sistemático do ordeamento xurídico.	A2	
Coñecer a función do dereito como sistema regulador das relacións sociais.	A3	
Coñecemento dos principios e valores constitucionais.		B8
Comprensión das distintas manifestacións do dereito na súa evolución histórica e na sua realidade actual.	A6	
Capacidade para o manexo das fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doctrinais).	A9	B8 B4
Capacidade de interpretar e analizar críticamente o ordeamento xurídico.	A1 A3 A10	B8 B3
Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.		B6 B8
Traballar de forma autónoma con iniciativa		B9 C4 C6
Comprensión e utilización das nocións e conceptos básicos do dereito que son empregados, mais non estudiados, nas diferentes áreas da ciencia do dereito.	A1 A5 A10	B8 B2 B5
Coñecemento da estructura básica dos sistemas xurídicos contemporáneos	A1 A3 A7	
Utilización rígorosa dos conceptos no razonamento xurídico.	A1 A2 A5 A8 A12	B7 B8
Coñecemento e comprensión da relación entre os rasgos estructurales e os fins axiolóxicos do Dereito.	A1 A2 A3 A5 A7 A10	C4 C6

Contidos	
Temas	Subtemas
Primeira parte. Elementos de análise xurídica: a estructura da orde xurídica	
Tema 1. Aproximación fenomenolóxica ao mundo do Dereito.	1. Un mundo de normas. 2. Un mundo de normas que gardan entre si unha certa orde. 3. Un mundo de suxeitos en relación: seres humanos, e outros. 4. Un mundo de cousas. 5. Un mundo de feitos. 6. Un mundo de accións e controversias.



Tema 2. Introdución á teoría da norma xurídica	<p>1. A natureza da norma xurídica. 1.1. Unha cuestión preliminar: norma, pensamento e linguaxe. Usos e funcións da linguaxe e das normas. 1.2. A norma como enunciado lingüístico prescriptivo.</p> <p>1.3. A teoría imperativista clásica e os seus defectos. 1.4. Alternativas ao imperativismo. 1.4.1. A teoría das normas de von Wright. Clases de normas. 1.4.2. A teoría das normas de Hart: a) as normas como razóns para a acción; b) normas primarias e normas secundarias: a teoría da norma conduce á teoría do sistema xurídico; c) algúns problemas. 1.5. Conclusíons sobre a natureza da norma xurídica.</p> <p>2. A estrutura da norma xurídica. 2.1. A solución tradicional: suposto de feito e consecuencia xurídica. 2.2. Algúns corolarios: a) a necesidade de distinguir entre normas completas e incompletas; b) Os tipos de normas xurídicas incompletas. 2.3. As críticas ao modelo tradicional. 2.3.1. A excesiva simplicidade. A análise de von Wright. 2.3.2. A estrutura dos principios xurídicos. 3. Fenomenoloxía das normas xurídicas: normas, disposicións e corpos xurídicos. 4. A validez ou existencia das normas xurídicas: a fronteira entre a teoría da norma e a teoría da orde ou do sistema xurídico. 5. A dimensión temporal da validez das normas: a vixencia. 6. Outras nocións: eficacia, aplicabilidade.</p>
Tema 3. Nocións de teoría do ordenamento e sistema xurídico	<p>1. Caracterización xeral: ordenamento, Estado e sistema. 2. A vocación sistemática do ordenamento xurídico. Os caracteres tradicionalmente atribuídos aos ordenamentos xurídicos: unidade, coherencia, plenitude e independencia. Problemas que xorden actualmente. Que é un sistema xurídico. 3. Dimensión activa e dimensión pasiva do sistema xurídico. 4. Estructura do lado pasivo do sistema xurídico: normas primarias e normas secundarias, de Kelsen a Hart. 5. A identidade dos sistemas xurídicos e a pertenza das normas a un sistema. O sistema xurídico como sistema dinámico. 6. A validez das normas. 7. A validez no Dereito actual.</p>
Tema 4. Nocións de teoría das fontes do Dereito e introdución ao sistema español de fontes.	<p>1. Significados da expresión "fontes do Dereito". 2. Fontes formais e fontes materiais. 3. As fontes formais: aproximación teórica. 3.1. A lei. Lei formal e lei material. 3.2. O costume. Concepto. Lei e costume. Elementos do costume e problemas que presentan. 3.3. A xurisprudencia. Que é unha sentenza xudicial. Son normas as sentenzas? Xurisprudencia e precedente. Utilidade do estudo da xurisprudencia. A xurisprudencia como fonte do Dereito. 3.4. A doutrina. Estructura do discurso ou texto doutrinal. A doutrina como fonte do Dereito. 4. A evolución histórica das fontes do Dereito. 5. O sistema de fontes do Dereito no Dereito español.</p> <p>5.1. As "fontes das fontes": o título preliminar do Código civil e a Constitución de 1978. 6.2. A Constitución como norma xurídica e como fonte do Dereito. As sentenzas do Tribunal Constitucional. 5.3. A lei. Evolución histórica e crise actual. A lei como fonte do Dereito e o principio de legalidade. Normas con rango de lei. Os tratados internacionais. 5.4. As normas regulamentarias. 5.5. O costume. Historia e crise actual. Ámbitos onde conserva vixencia. Caracteres do costume no noso ordenamento xurídico. 5.6. Os principios xerais do Dereito. Historia. Os principios no noso ordenamento xurídico. Principios implícitos e principios explícitos. 5.7. A xurisprudencia. É a xurisprudencia fonte do Dereito no noso ordenamento? A creación xudicial do Dereito. Os precedentes: precedente obligatorio e precedente persuasivo. Conclusión: o xuíz e o lexislador. 5.8. Outras fontes do Dereito: en particular, os instrumentos nos que se plasman os actos da autonomía da vontade.</p>
Tema 5. O suxeito de Dereito	<p>1. A orde xurídica, orde humana: a persoa. 2. O concepto xurídico de persoa e a súa evolución. 3. Elementos para unha crítica do concepto xurídico de persoa. 4. A extensión da personalidade xurídica: capacidade xurídica e capacidade de obrar. 5. Outros suxeitos de dereito: a persoa xurídica.</p>



Tema 6. A relación xurídica	1. Concepto. 2. Presupostos. Alteridade. Igualdade. 3. Elementos: suxeitos, obxecto, vínculo, fundamento. 4. Relación xurídica e situación xurídica. 5. Situacións xurídicas activas e pasivas.
Tema 7. O deber xurídico	1. Aproximación a partir do uso lingüístico. "Ter o deber de" e "verse obrigado a"; 2. Deber xurídico e deber moral. 3. Características do deber xurídico: posibilidade; exterioridade; licitude; equivalencia entre débito e prestación; irrenunciabilidade; esixibilidade; determinación ou determinabilidade; inexcusabilidade. 4. As garantías do deber xurídico. 5. Límites do deber xurídico.
Tema 8. O dereito subxectivo	1. Idea xeral. Aproximación desde o uso lingüístico e desde as clasificacións científicas más estendidas. 2. Estructura do dereito subxectivo: suxeito activo; suxeito(s) pasivo(s); obxecto; contido; fundamento; título. 3. Dimensión dinámica do dereito subxectivo. Condicións de exercicio. Extensión. Límites. 5. Recapitulación: o dereito subxectivo, construcción abstracta. 6. Outras situacións de poder xurídico: as potestades.
Tema 9. Os feitos e as accións ante o Dereito	1. Actos e feitos. 1.1. Feitos e feitos xurídicos. 1.2. Os actos xurídicos. 1.2.1. Actos libres. A autonomía da vontade. 1.2.2. Actos debidos ou de cumprimento do Dereito. 2. A violación da orde xurídica. Acto ilícito, responsabilidade e sanción. 2.1. O acto ilícito. Concepto. Ilícitos típicos e ilícitos atípicos. 2.2. A responsabilidade. Concepto e clases. Elementos. 2.3. A sanción. Concepto e clases de sancións.
Tema 10. Aproximación á aplicación ou determinación do Dereito.	1. Os problemas da linguaxe do Dereito e a necesidade da interpretación. Noción e tipos. 2. Interpretación e aplicación. A aplicación do derecho e a resolución da controversia como actividade complexa: subsunción e decisión. 3. A xustificación das decisións xudiciais. A tarefa creativa dos xuíces.
Segunda parte. Cara a unha comprensión global: o Dereito como práctica social	
Tema 11. O Dereito como instrumento para a vida social.	1. A orde social. 2. A orde social non é unha orde espontánea: funcións do Dereito en relación coa orde social. 3. Dereito, Estado e poder. 3.1. A comunidade política como creadora e conservadora da orde xurídica. 3.2. O Dereito como factor de organización, lexitimación e conservación da comunidade política.
Tema 12. O Dereito como conxunto de materiais vinculantes para a resolución de conflitos.	1. O Dereito non é só o sistema de normas que se deriva ou extrae do sistema de fontes. 2. A técnica xurídica. 3. O elemento ideal: os valores. Valores xurídicos. 4. A interrelación entre o elemento ideal, a técnica e os preceptos.
Tema 13. Fins do Dereito e valores xurídicos	1. A xustiza. 1.1. Aproximación á noción de xustiza. Xustiza material e xustiza formal. 1.2. Principais proxeccións da xustiza. 2. A seguridade. 2.1. A seguridade como condición e esixencia da vida humana. 2.2. A seguridade xurídica, cualidade do Dereito que introduce certeza e orde. 2.3. Principais proxeccións e limitacións da seguridade xurídica. 3. Relacións entre xustiza e seguridade.
Tema 14. As formas activas da vida xurídica.	1. A producción de normas: en particular, a legislación. 2. O tráfico xurídico. 3. A adxudicación. 3. Relación entre as actividades anteriores e o Dereito como conxunto de materiais vinculantes.
Tema 15. En definitiva, que é o Dereito? O Dereito como práctica social.	1. A unificación dos sentidos de "Dereito"; 2. Proposta dunha definición descriptiva do Dereito. 3. Carácteres do Dereito como práctica social: 3.1. Carácter institucional. 3.2. Normatividade. 3.3. Coactividade. 3.4. Pretensión de comprehensividade e pretensión de supremacía.



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A5 A6 A7	28	42	70
Lecturas	A9 A10 B3 C1 C7 C8	0	10	10
Proba oral	B6 B9 B4 B5 C1 C7 C8	0.5	19.5	20
Seminario	A8 A9 A10 A12 B7 B8 B2 B3 B4	14	21	35
Análise de fontes documentais	A3 A5 A6 A9 A10 B6 B3 C7	3	3	6
Estudo de casos	A5 A8 A9 A10 A12 B6 B7 B8 B9 B2 B3 C4 C6 C7	0	5	5
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Mediante elas, os profesores expoñerán e transmitirán oralmente os conceptos e nocións básicas. A singularidade da linguaxe xurídica esixe unha exposición que permita captar o seu uso correcto.
Lecturas	Como forma de estimular a autoaprendizaxe e o sentido crítico por parte dos estudiantes, algúns dos contidos da materia non serán obxecto de lección maxistral, senón de lectura por parte dos estudiantes, quen deberán elixir entre varios textos relacionados cos devanditos contidos, que serán determinados polos profesores.
Proba oral	Serán obxecto de avaliación mediante este tipo de proba os contidos das leccións maxistrais e as lecturas.
Seminario	Estas sesións versarán sobre o contido das lecturas, as análises documentais e os estudos de casos. O profesor limitarase normalmente a moderar as intervencións dos estudiantes, e eventualmente realizará puntualizacións en puntos concretos que non estean suficientemente claros.
Análise de fontes documentais	O estudo dalgúns contidos da materia (teoría da norma, funcionamento práctico do sistema de fontes, introdución á aplicación do Dereito) fai aconsellable que os estudiantes sexan capaces de identificar os devanditos contidos en normas e outros documentos concretos, así como de analizar textos xurisprudenciais. Estes documentos serán, así mesmo, material de traballo importante para outras actividades de aprendizaxe, como o estudo de casos.
Estudo de casos	Análise de situacións e supostos que reflicten o uso das nocións básicas e outros contidos da materia. Os estudiantes iniciaránse aquí no exercicio das habilidades argumentativas e empregarán os seus coñecementos de forma aplicada. Esta actividade será completada con debates e exposicións en sesións de seminario.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Lecturas	A atención personalizada que se indica para as lecturas consistirá en sesións de titoría co profesor, onde os estudiantes poderán expor as súas dúbdidas e comentarios en relación cos textos lidos.
Análise de fontes documentais	
Estudo de casos	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación



Proba oral	B6 B9 B4 B5 C1 C7 C8	A proba oral terá carácter mixto, e empregarase para avaliar a aprendizaxe dos contidos das classes maxistrais e a capacidade de reflexión crítica alcanzada ao redor dos mesmos. Na parte de proba obxectiva valorarase especialmente a comprensión dos contidos, a capacidade de identificación precisa das respostas ás preguntas e a capacidade de responder con precisión conceptual e lingüística, evitando divagacións e ambigüidades. Nas preguntas que esixan reflexión valorarase, xunto ao anterior, a capacidade de síntese, de identificación dos problemas e de reflexión persoal. A corrección na expresión será relevante na avaliación.	70
Seminario	A8 A9 A10 A12 B7 B8 B2 B3 B4	Os seminarios versarán sobre as fontes documentais, lecturas e casos, que se poderán descargar desde o Campus virtual. Como criterios de avaliación teranse en conta o grao de comprensión daqueles, a capacidade de análise, a consistencia das argumentacións e a calidade das exposicións. Valoraranse negativamente a falta de participación e a falta de rigor na preparación das exposicións e intervencións. A metodoloxía dos seminarios e a selección de materiais para os mesmos quedan suxeitas á discreción do profesor responsable de cada grupo reducido.	30

Observacións avaliación

Para aprobar a materia é preciso que a suma da cualificación obtida na avaliación continua dos seminarios e a cualificación da proba ou probas escritas alcance os 5 puntos.

Non se sumarán ambas as cualificacións se non se obtén polo menos unha puntuación de 1,2 puntos (sobre os 3 posibles) nos seminarios; e de 2,8 (sobre os 7 posibles) na proba oral.

Os estudiantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de asistencia que non poidan participar nas sesións de seminarios, a avaliación das competencias correspondentes aos mesmos (30% da cualificación final) levará a cabo realizando un traballo que consistirá na presentación por escrito de 5 das prácticas desenvolvidas nas sesións de seminarios ao longo do curso. A esta modalidade alternativa de avaliación poderán acollerse tamén os estudiantes que, por causas xustificadas que deberán ser apreciadas polo profesor coordinador da materia, non poidan asistir ás sesións de seminarios. Para iso, deberán comunicar ao profesor as circunstancias que xustifiquen a excepcionalidade dentro das dúas primeiras semanas lectivas do cuadrimestre. Se se trata de circunstancias sobrevidas, deberán comunicalas en canto ditas circunstancias se produzan.

Os estudiantes que se presenten á proba oral na segunda convocatoria ou oportunidade (xullo) conservarán as cualificacións dos seminarios, se obtivesen polo menos a puntuación de 1,2 puntos sobre 3. Os estudiantes que non logren a puntuación de 1,2 na oportunidade de xaneiro na avaliación dos seminarios deberán acollerse á avaliación alternativa descrita máis arriba na convocatoria ou oportunidade de xullo. Para quen non obteñan a puntuación de 1,5 a renuncia á cualificación dos seminarios terá carácter voluntario.

O plaxio nun traballo, a realización conxunta de traballos individuais, a copia nunha proba oral terán como consecuencia un 0 nese exercicio.

Fontes de información

Bibliografía básica	Alberto Montoro Ballesteros, Sistema de teoría fundamental del Derecho (I), Valencia, Tirant lo Blanch, 1999. José Juan Moreso y Josep María Vilajosana, Introducción a la teoría del Derecho, Madrid, Marcial Pons, 2004. Andrés Oller, El Derecho en teoría, Cizur Menor, Thomson - Aranzadi, 2011. Luis Prieto Sanchís, Apuntes de teoría del Derecho, Madrid, Trotta, 2016, 10ª edición. Marcelino Rodríguez Molinero, Introducción a la ciencia del Derecho, Salamanca, Librería Cervantes, 2001. Gregorio Robles, Sociología del Derecho, 2ª ed., Buenos Aires, Olejnik, 2018. Francesco Viola y Giuseppe Zaccaria, Derecho e interpretación. Elementos de teoría hermenéutica del Derecho, Ana Cebeira, Aurelio de Prada y Aurelia Richart (trads.), Gregorio Robles Morchón (coord., prol. y revisión), Madrid, Dykinson, 2008.
---------------------	---



Bibliografía complementaria	John Austin, ?El significado del término ?deber??, en El objeto de la jurisprudencia, trad. de J. R. de Páramo Argüelles, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, 2002. Norberto Bobbio, Contribución a la teoría del Derecho. Madrid, Debate, 1991. Manuel Calvo García, Teoría del Derecho, Madrid, Tecnos, 2010. Lon L. Fuller, El caso de los exploradores de la caverna, trad. e introducción de G. R. Carrión, Buenos Aires, Lexis Nexis, 2008. Ernesto Garzón Valdés y Francisco Javier Laporta (eds.), El Derecho y la justicia, Madrid, Trotta, 2ª ed., 2013. Jürgen Habermas, Facticidad y validez, Madrid, Trotta, 2010. H.L.A. Hart, El concepto de derecho, trad. G. R. Carrión, Buenos Aires, Abeledo-Perrot, 2011. Wesley N. Hohfeld, Conceptos jurídicos fundamentales, Genaro Carrión (trad.), México, Fontamara, 2009. Rafael Hernández Marín, Introducción a la teoría de la norma jurídica, Madrid, Marcial Pons, 2ª ed., 2002. Hans Kelsen, Teoría pura del Derecho, 2ª ed., R. Vernengo (trad.), México, Porrúa, 2009. Carlos S. Nino, Introducción al análisis del Derecho, Barcelona, Ariel, 2013. Renato Rabbi-Baldi Cabanillas, Teoría del Derecho, Buenos Aires, Ábaco de Rodolfo Depalma, 2021, 6ª edición. Gregorio Robles Mochón, Teoría del Derecho. Fundamentos de teoría comunicacional del Derecho. Vol. I, Madrid, Thomson-Civitas, 6ª ed., 2015.
-----------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Fundamentos romanísticos da cultura xurídica occidental/612G01001

Dereito Constitucional: Fontes e Dereitos/612G01003

Materias que continúan o temario

Filosofía do Dereito/612G01026

Teoría e práctica da argumentación xurídica/612G01041

Observacións

O desenvolvemento desta asignatura descansará basicamente sobre o traballo e a aprendizaxe persoal dos estudiantes. Para que isto sexa posible: a) é preciso asistir as todas as sesións de docencia expositiva e realizar as tarefas e lecturas previstas para o desenvolvemento do curso. b) O profesor de cada grupo indicará con suficiente antelación, xa sexa persoalmente nas clases, xa a través do Campus virtual, que materiais deberán ser lidos, analizados ou estudiados con antelación ás sesións maxistrais e/ou de seminario en grupos reducidos. O desenvolvemento normal do curso depende de que os estudiantes leven a cabo estas tarefas previas. c) Recoméndase ler e traballar os textos, casos e materiais indicados para cada tema do programa antes da sesión en que serán empregados. Nalgunhas ocasións, o profesor poderá facilitar materiais que serán empregados para traballar nas sesións de grupos reducidos sen que sexa necesario ningún traballo previo por parte dos estudiantes. d) Nas explicacións das clases maxistrais o profesor dará por suposto que se leu previamente o material indicado para o tema correspondente, de modo que só incidirá naqueles aspectos do tema non cubertos polas lecturas, ou naqueles que xulgue máis importantes ou de especial dificultade, dando paso ás preguntas e opinións de quen asistan á sesión. Durante as sesións maxistrais é imprescindible tomar notas ou apuntamentos e participar activamente, interrompendo se é preciso a exposición do profesor, para solicitar aclaracións, expor puntos de vista ou formular cuestións.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías